

CONDICIÓNS DE RENOVACIÓN DA TARXETA PASS VIGO

SEGUNDO PERFIL:

PERFIL NORMAL

Renóvase **automáticamente**, a condición de que o titular mantéñase empadroado co mesmo número de documento de identidade co que se rexistrou no momento de facer a solicitude.

PERFIL ESTUDANTE

Anualmente debe achegarse o certificado de matriculación do centro de estudos de Vigo con data do curso vixente.

PERFIL UNIVERSITARIO

Renóvase **automáticamente** para tódolos alumnos matriculados na Universidade de Vigo.

Os estudantes estranxeiros e Erasmus deben manter o mesmo número de documento identificativo co que fixeron a súa solicitude (NIE ou Pasaporte). No caso contrario, deberán aportar matrícula do curso vixente para facer efectiva a renovación.

PERFIL SOCIAL

Renóvase **cada 6 meses**, aportando a demanda de emprego selada e actualizada, ademáis do certificado de subsidio de desemprego ou RAI actualizado.

PERFILES DE PENSIONISTAS 1 Y 2

Renóvase **automáticamente** a condición de que sexan pensións da Seguridade Social, PNC ou titulares de RISGA e as tarxetas fosen dadas de alta con DNI do titular.

No caso de menores, se non se dispón de DNI do menor, deberá achegarse o certificado actualizado do ano en vigor de pensión ou axuda por fillo a cargo. No suposto de pensións RISGAS da Xunta, os beneficiarios deberán achegar o certificado vixente da pensión correspondente.

Para as pensións do estranxeiro, deberán achegar o último recibo do banco da pensión que perciben ou constancia electrónica da pensión e certificado da Seguridade Social informando dese percibe outro tipo de pensións.

O periodo de renovación será, en tódolos casos, dun prazo dun mes antes da data de caducidade

De non realizarse a renovación correctamente, o perfil caducará e pasará a cobrarse a TARIFA ORDINARIA NON BONIFICADA

A renovación será válida a condición de que se cumpran os requisitos básicos establecidos para cada perfil. Consulta os requisitos [aquí](#).

LEMBRE GARDAR AS SÚAS CREDENCIAIS DE ACCESO PARA REALIZAR CALQUEIRA XESTIÓN ONLINE EN <https://passvigo.vigo.org/>